

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



galicia
o bo camiño

 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA



Oliver Laxe

Audacia Inspira - Venres 18 - 11h

Escollendo sempre o camiño máis difícil.

Coñecendo a Oliver Laxe

Nacido en 1982, Oliver Laxe crece entre Francia, España e Marrocos.

As súas dúas primeiras longametraxes son premiadas no Festival de Cannes: *Todos vós sodes capitáns* recibe o premio FIPRESCI na Quinzaine des Réalisateurs en 2010 e *Mimosas* obtén o Gran Premio da Semaine de la Critique en 2016 e o Premio Especial do Xurado no Festival de Sevilla. En 2019, Laxe fai historia ao converterse no primeiro cineasta español xunto a Víctor Erice seleccionado en Cannes coas súas tres primeiras obras e o único en ser premiado en todas as súas participacións.

O que arde recibe o Premio do Xurado da Sección Oficial – Un Certain Regard de Cannes, o Premio á Mellor Creación Sonora da sección e compite nos festivais internacionais máis importantes da tempada, como San Sebastián, Toronto, Tokyo ou Nova York.

Daniel Canogar

Audacia Inspira - Venres 18 - 12:30h

Tecnoloxía e arte. Coñecendo a Daniel Canogar



Foto: Alberto Feijoo

Nacido en Madrid (1964), fillo de pai español e nai estadounidense, a vida e carreira de Daniel Canogar dividiuse entre España e Estados Unidos. Comezou formándose no mundo da fotografía cando se especializou durante o Master da New York University e o International Center for Photography en 1990, pero pronto se interesou polas posibilidades da imaxe proxectada e a instalación artística. Creou numerosas pezas de arte pública permanentes con pantallas escultóricas de LED flexibles e ríxidas, incluíndo *Aqueous* (Mountain View, CA, 2019); *Pulse* (College Station, TX, 2018); *Tendril* (Tampa, FL, 2017) e *Cannula, Xylem and Gust II* (Madrid, 2018).

Tamén creou obras públicas de carácter monumental como *Constelacións*, o mosaico fotográfico máis grande de Europa creado para dúas pontes peonís que cruzan o río Manzanares no Parque Madrid Río (Madrid, 2010) e *Asalto*, unha serie de vídeo proxeccións sobre monumentos emblemáticos, presentado sobre os Arcos de Lapa (Rio de Xaneiro, 2009), a Porta de Alcalá (Madrid, 2009) e a igrexa de San Pietro in Montorio (Roma, 2009). Como parte desta última serie tamén se atopa *Storming Times Square*, unha intervención de vídeo en 47 das pantallas de Times Square (Nova York, NY, 2014).

Entre os seus proxectos expositivos destacan as mostras individuais *Surge*, (Blacksburg, VA, 2019); *Boto* (Lafayette, A 2019); *Melting the Solids*, (Xenebra, 2018); *Fluctuaciones*, (Madrid, 2017); *Boto* (Nova York, NY, 2017) e (Madrid, 2017); *Sikka Ingentium*, (Pamplona, 2017); *Quadratura* (Lima, 2014); *Vórtices* (Madrid, 2011); e a instalación *Synaptic Passage* para a exposición *Brain: The Inside Narrative*, (Nova York, NY 2010). Así mesmo, exhibiu dúas instalacións no Sundance Film Festival (Park City, UT, 2011).

Os seus traballos expuxéronse en museos e galerías de Madrid, Nova York, Xenebra, Florencia, Barcelona, Caracas, Ohio, Linz, Dusseldorf, Berlín, Istambul, Pittsburgh...

Daniel Canogar publicou *Cidades Efémeras: Exposicións Universais, Espectáculo e Tecnoloxía, Ingrávidos* e diversos ensaios sobre a arquitectura da imaxe, a fotografía contemporánea e a arte dos novos medios.



Sonia Iglesias

Audacia Inspira - Venres 18 - 16h

Esqueletos de stopmotion. Coñecendo a Sonia Iglesias

Sonia Iglesias Rey (Arteixo, 1982) é model maker especializada en armaduras de Stopmotion.

Estudou Artes Aplicadas á Escultura, Xoiería, Dourado e Policromía na Escola de Artes e Oficios Pablo Picasso, na Coruña. Empezou a súa carreira profesional na animación coa longametraxe *O Apóstolo* (Fernando Cortizo, 2009) primeiro filme de stopmotion realizado en España, onde, á parte doutras responsabilidades, encargouse da elaboración de mecanismos de cabeza. Isto levouna a Londres, onde foi fichada para o equipo de *Frankenweenie* (Tim Burton, 2012), realizando estruturas internas para os diferentes personaxes e adquirindo unha experiencia que lle permitiría entrar nos Estudos Aardman en Bristol traballando na produción *Piratas* (Peter Lord, 2012).

Ese ano, en Bristol, perfeccionou as súas habilidades o que lle abriu as portas a diferentes producións tanto de ámbito nacional (*Clay Kids, É o Mar, Bita e Cora*) como internacional, sendo as máis reseñables: *A vida de Cabaciña* (Claude Barras, 2016), *O Bosque de Haquivaqui* (Pedri Animation, 2015), *Norman Pickelstripes* (Estudios Factory, 2019), ou *Illa de Cans* (Wes Anderson, 2018).

Entre os seus últimos proxectos atópase a curta *Metamorfose* (Caramuxo Films/ Autour de Minuit) que se estreará a finais de 2019.

Carlos Sedes

Audacia Inspira - Venres 18 - 17:30h

Audiovisual: guionizado e dirección de series.

Coñecendo a Carlos Sedes



Nacido na Coruña en 1973.

Comezou a traballar no sector audiovisual nos anos 90 na produtora CTV primeiro e despois en Voz Audiovisual. Nos primeiros anos do 2000 comeza a realizar coñecidas teleseries da Televisión de Galicia: *As leis de Celavella*, *Terra de Miranda*, *Padre Casares*, e dese labor dá o salto á dirección a nivel estatal.

No 2007 viría a dirección da serie *Desaparecida* emitida en Televisión Española, á que seguirían varios dos últimos éxitos da televisión en España.

Carlos Sedes está detrás de coñecidas producións como *Gran Hotel*, *Gran Reserva*, *Hispania*, *Velvet*, *Fariña* ou *Las chicas del cable*. É o primeiro director español en traballar para Netflix.

Actualmente atópase gravando a película *El verano que vivimos*.



Tono Arias

Audacia Inspira - Venres 18 - 19h

*Dispara. Traballando arredor da cultura fotográfica desde a periferia.
Coñecendo a Tono Arias*

Fotógrafo de prensa e documental dende os anos 90, traballou en diversos medios de comunicación: *Faro de Vigo*, *Correo Galego*, axencia *EFE*, *El País*, *El Mundo* así como tamén nas revistas *Interviú* e *Tiempo*.

No ano 1992 crea xunto a Tino Viz e Alberto Suárez (fotógrafos) a empresa Margen Fotografía adicada á fotografía comercial. A partir do ano 2006 inicia unha nova etapa como fotógrafo independente, poñendo en marcha un estudo de fotografía na Estrada onde realiza diversos traballos profesionais no ámbito da fotografía industrial, publicidade, moda, arquitectura, editorial e documental. Así mesmo crea o primeiro arquivo de imaxes especializado en Galicia e online: <http://www.tonoarias.es>

No ano 2012 inicia o proxecto “DISPARA” un espazo web <http://www.dispara.org>, e físico, sita na Estrada, unha galería de artes visuais, librería especializada en fotolibros e editorial. Este espazo está destinado a reunir traballos fotográficos de carácter documental e artístico, e a servir de punto de encontro entre autores para fomentar o desenvolvemento de proxectos culturais, relacionados coa fotografía.

Ten comisariado as exposicións colectivas *Welcome to galicia* (sobre o formato impreso da postal), *Livres* (ao redor da edición de fotolibro internacional) e actualmente forma parte da COLECTIVA asociación de artistas de Galicia.

Como fotógrafo comercial ten publicado libros e participado como foto fixa nalgunhas producións cinematográficas, sendo a última *Tempo Vertical* de Lois Patiño. <http://www.tonoarias.com>

Como autor ten participado en varias exposicións individuais e colectivas.

Iria Vázquez

Audacia Emprende - Venres 18 - 11h

A Colectiva, Asociación profesional de artistas de Galicia.
A realidade do profesional artístico; Situación, contexto e boas prácticas



Artista multidisciplinar, docente e doutora en Belas Artes pola Universidade deVigo (2015).

Licenciada en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra (2006). En 2011, obtén unha bolsa de investigación da Universidade de Vigo, para a realización dunha estadía de investigación predoutoral no Museo d'Orsay, no Museo do Louvre e distintos centros de arte de París (2012).

Colabora en proxectos artísticos de carácter multidisciplinar que abarcan tanto o ámbito expositivo, como o audiovisual e o escénico, e que desenvolve xunto á educación artística, a mediación cultural e a dirección de arte.

É a actual Presidenta de A Colectiva, Asociación Profesional de Artistas de Galicia,da que forma parte dende a súa constitución en 2016.



Javier Fuente

Audacia Emprende - Venres 18 - 12:30h

VEGAP. Sociedade de xestión de dereitos para artistas plásticos

Responsable do Departamento de Socios de VEGAP. Avogado, Licenciado en Dereito pola UCM e Máster en Propiedade Intelectual e Novas Tecnoloxías pola UAM.

VEGAP é unha organización sen ánimo de lucro que representa en España a máis de cen mil autores de todo o mundo. Esta organización foi creada en 1990 por un grupo de artistas españois para xestionar de maneira colectiva os seus dereitos de autor, de acordo con de a Lei de Propiedade Intelectual. Ese ano, VEGAP foi admitida como membro de pleno dereito da CISAC, uníndose a unha rede de sociedades de creadores visuais de corenta países.

VEGAP ten subscritos contratos de representación recíproca con corenta e oito sociedades de autor doutros países, que aparecen recollidas na súa páxina web (www.vegap.es). Isto significa que os dereitos de autor dos socios de VEGAP son xestionados nos países da Unión Europea e en países doutros continentes, tales como Arxentina, Brasil, Canadá, Estados Unidos, México, Australia, Corea e Xapón, entre outros. VEGAP é a organización que xestiona os dereitos de autor dos pintores, escultores, fotógrafos, ilustradores, deseñadores, videoartistas, arquitectos... os creadores visuais.

Daniel Cerqueiro

Audacia Emprende - Venres 18 - 16h

Novos modelos de negocios culturais no contorno dixital

Audacia Emprende- Sábado 19 - 12:30h

Ferramentas e metodoloxía para vender servizos a distancia



Naceu na Coruña en 1977. Estudou Físicas en Santiago de Compostela e rematou o doutoramento en Modelización Numérica da oleaxe en Ourense, na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo. Viviu 11 anos en Corcubión (Costa da Morte), onde fundou e dirixiu Galinus Taller de Novos Medios.

Fai moitas cousas relacionadas con internet e as TICs, pero as súas principais ocupacións son ser o CMO de Docuten, ser un dos socios promotores de Phottic, colaborar activamente en Startup.gal e realizar actividades formativas relacionadas co Márketing Online, a Transformación Dixital e o Emprendedurismo, como por exemplo:

- Colaborador de DesignThinking.gal, especializado en Transformación Dixital.
- Profesor de Novos Modelos de Negocios do Máster de Comunicación e Medios Sociais da Universidade de Santiago de Compostela.
- Profesor do Programa Especializado en Big Data e Business Intelligence de IESIDE.
- Relator do Programa Primeira Exportación da Fundación Gas Natural.

Se queredes coñecelo máis, podedes acudir á súa páxina persoal, danicerqueiro.eu



María Yáñez

**Audacia Emprende - Venres 18 - 17:30h e
Sábado 19 - 11h**

Artes Dixitais. Instagram para artistas

María Yáñez leva dúas décadas traballando como xornalista en medios dixitais, desenvolvendo contidos audiovisuais e deseñando estratexias de comunicación online para diversos proxectos culturais e empresariais.

Foi socia fundadora e responsable de contidos na empresa de comunicación dixital A Navalla Suíza. Colaborou coa USC en varios proxectos de investigación relacionados coa literatura e as novas tecnoloxías, e foi co-editora de *EMBED*, publicación en torno ao audiovisual integrado na rede.

Actualmente é coordinadora de actividades do festival de contidos dixitais e webseries Carballo Interplay, e desenvolve labores de comisariado e produción en diversos proxectos relacionados coa cultura dixital audiovisual. Ademais é a directora de *VINTE*, unha revista online de sociedade, cultura e tendencias vinculada ao xornal *Praza.gal*, e é docente no Master en Social Media e Contidos Dixitais da Universidade de Vigo.

Miguel Diéguez

Audacia Emprende - Venres 18 - 19h
*SGAE. Sociedades de xestión de dereitos para
música, audiovisual e teatro*



Nacido en Lugo en 1972.

Avogado especialista en Dereito Administrativo e Tributario. Experiencia en Xestión e Responsabilidades na Administración, tanto Autonómica como Local, así como na Xestión Universitaria. Asesoramento a Administracións (Concellos, principalmente) na elaboración de RPT, Ordenanzas, auditorías laborais, etc.

Igualmente socio de despacho, con máis de 18 anos de experiencia, con especialistas en Dereito Penal, Dereito Civil, e Mercantil-Bancario e Fiscal. Con despacho igualmente aberto en Vigo e prestación de servizos xurídicos en todo o territorio nacional.

Na actualidade, Director da zona Noroeste da SGAE (Galicia, Asturias e Cantabria), dende xaneiro do 2018.



Janet Novás

Audacia Inspira - Sábado 19 - 11h

Bailarina e creadora.

Coñecendo a Janet Novás

Bailarina e creadora galega. Reside en Madrid desde o ano 2001.

Formouse en danza contemporánea entre Madrid, Bruxelas e Berlín. No ano 2008 comeza a crear e desenvolver os seus propios proxectos, dando lugar á experimentación e á auto-investigación. A súa obra constrúese desde a observación, a experiencia e o diálogo co seu corpo como principal ferramenta, apostando por unha linguaxe propia, moldeando o contido emocional e a sinxeleza estética que caracterizan os seus traballos.

Desde os seus inicios como creadora, Janet Novás contou coa colaboración do músico e compositor Haru Mori e o coreógrafo e performer Ricardo Santana. As súas creacións presentáronse en prestixiosos festivais nacionais e internacionais como Rencontres Chorégraphiques, Festival de Marseille, Festival Nouvelles- Pole Sud, Cement Festival, Dança en Transito, MOV_ S, TNT Dansa, Festival de Outono a Primavera, Escenas do Cambio e o Festival Bad, entre outros.

7H Cooperativa Cultural

Audacia Inspira - Sábado 19 - 12:30h

*Arte urbana feminista: Elas tamén pintan. Coñecendo a 7H
Cooperativa Cultural (Clara R. Cordeiro)*



7H Cooperativa Cultural é un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Aspiran a xerar un modelo de participación que, desde a educación artística, a creación contemporánea e a comunicación cultural fomenta o diálogo, o recoñecemento e a visualización da diversidade cultural, promovendo a transformación colectiva do noso contexto. Con este fin e como especialistas en participación, feminismos e capacidades diferentes, traballan desde os principios de inclusión, igualdade e diversidade para garantir a participación de todas as persoas nos procesos de creación cultural contemporánea.

Constituída en 2015, 7H nace ao amparo do Premio Emprende Gaiás-Sixto Seco á mellor idea empresarial creativa. En 2016 recibiron o Premio aos Valores Cooperativos, concedido polo Consello Galego de Cooperativas polo seu coidadoso traballo en colectividade e, en 2018, a Deputación da Coruña outorgoulles o Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero en recoñecemento ao seu programa de arte urbana feminista Elas Tamén Pintan, a distinción da que se senten máis orgullosas.



Anaquiños de Papel

Audacia Inspira - Sábado 19 - 16h

*Creatividade e deseño en papel. Coñecendo a
Anaquiños de Papel*

Anaquiños de Papel nace na Coruña en 2012 da man de Beatriz e Cristina Velasco Moura, dúas irmás amantes do deseño e o interiorismo. Bea (arquitecta) e Cris (avogada) atopábanse terminando os seus estudos cando descubriron o origami (arte xaponesa do encartado de papel), foi entón cando empezaron a practicar esta arte e crear diferentes figuras que unha vez terminadas, ensinaban ao mundo a través do seu blogue ao que puxeron o nome de *Anaquiños de Papel*, xa que un anaquiño de papel é o punto de partida de todas as súas, creacións.

O que naceu como unha forma de pasar o tempo, un simple hobby, acabou convertendo en parte fundamental das súas vidas. Durante o primeiro ano do blogue comezaron recibir algunhas peticións de encargos de particulares, moi puntualmente, pero a medida que pasaban os meses os encargos foron aumentando e empezaron a recibir encargos importantes a nivel profesional que lles fixeron reformular a súa vida laboral.


No ano 2014 decidiron dar o paso e converter *Anaquiños de Papel* na súa empresa. Levaban meses buscando traballo, ou traballando sempre con contratos de bolseiras e chegou o momento en que, vendo o crecemento que tiveran en tan pouco tempo, decidiron apostar por elas mesmas e por *Anaquiños de papel*.

Miguelanxo Prado

Audacia Inspira - Sábado 19 - 17:30h

Contando historias con imaxes.

Coñecendo a Miguelanxo Prado



Miguelanxo Prado, autor de *Trazo de xiz*, unha das obras máis premiadas da banda deseñada contemporánea, desenvolve o seu traballo creativo como pintor, ilustrador, guionista, ilustrador de prensa, animador e, moi principalmente, autor de banda deseñada.

Entre os seus libros cabe sinalar outros títulos como *Quotidianía delirante*, *Ardalén* (Premio Nacional, premio da Crítica Especializada, premio mellor libro do ano do Salón do Cómic de Barcelona, premio do festival de Úbeda e Baeza, Expocómic Madrid, ou Zona Cómic, entre outros), ou *Presas Fáviles* (premio do festival de Amadora, premios Diario de Avisos ao mellor guión e ao mellor debuxo realista, e premio Mor Vran), e ten recibido en dúas ocasións o premio á mellor obra extranxeira no F.I.B.D. de Angoulême, e en seis ocasións foi premiado no Salón do cómic de Barcelona.

Ten colaborado como ilustrador con escritores como Laura Esquivel (*A Lei do Amor*), Gonzalo Torrente Ballester (*El cuento de Sirena*), Xosé Luís Méndez Ferrín (*Retorno a Tagen Ata*), Juan Farias (*Anacos de pan de millo*), Agustín Fernández Paz (*As flores radiactivas*, *Rapazas*, *Cos pés no aire*, *Fantasmas de luz*) ou Manuel Rivas (*Bala Perdida*, *Contos de Nadal*, *A lingua das bolboretas*).

No eido audiovisual, entre outros traballos, é o creador de personaxes e director de estilo da serie de debuxo animados *Men in Black*, e creador e director da longametraxe de animación *De profundis*, en colaboración co músico Nani García.



Uqui Permui

Audacia Inspira- Sábado 19 - 19h

Buscando as formas, deseñando ideas.

Coñecendo a Uqui Permui

Graduada en Comunicación (Especialidade en comunicación audiovisual), Posgrao Multimedia en Deseño de Interacción e Usabilidade (UX). Universitat Oberta de Catalunya (UOC).

Deseñadora e directora de arte en uqui.net, estudo que leva máis de vinte e cinco anos afincado en Santiago de Compostela, e desde onde desenvolve diferentes proxectos no campo da comunicación, con especial incidencia na creación de estratexias que inciten á colaboración e á activación da esfera pública. Por iso, defínese como un equipo multidisciplinar especializado en crear dispositivos para activar e mellorar os procesos de comunicación. Entre os proxectos de deseño e investigación nos que estivo implicada destaca a participación en *Corpos de produción. Miradas críticas e relatos feministas ao redor dos suxeitos sexuais nos espazos públicos 2002-2005*. *Proxecto-Edición* (coproducido por CGAC, MARCO e Fundación Luís Seoane) onde se investigou o uso que os artistas contemporáneos fan dos diferentes sistemas da edición, 2006-2009. *O Contedor de feminismos*, un proxecto de acción e documentación pública sobre os feminismos, 2009-2017. *Relacións icónicas coas paisaxes, entrecruzar gráfico entre Brasil e Galicia*, 2017-2018. *Prácticas de resistencia e narrativas transmedia*, 2017, estudo sobre a relación dos proxectos transmedia co deseño social. Campaña transmedia *En negro contra as violencias*, 2015-2018.

Desde o 2006 é socia fundadora da Asociación Galega de Deseño (DAG), e re-presentante da devandita asociación en READ (Foro de Asociacións de Deseño de España) e socia de BEDA (The Bureau Of European Design Associations)

Ana Díaz

Audacia Emprende - Sábado 19 - 16h

Organización e presentación de proxectos para freelances



Ana Díaz é unha das socias e traballa como Directora de Proxectos de Arela Comunicación Sostible, unha axencia que aposta pola sostibilidade nas estratexias de márketing e comunicación, entendendo que esa é a única forma de traballar con garantías de ter éxito a curto e longo prazo: sendo sostibles.

Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo, desenvolveu a súa carreira profesional vinculada a proxectos de comunicación online e comercio electrónico tanto en Galicia como fóra de Galicia, traballando para grandes marcas como Estrella Galicia, Nestlé, Turismo de Andorra, Volkswagen e volvendo a casa para montar un proxecto propio.



Foto: White Dog Studio

David Barro

Audacia Emprende - Sábado 19 - 17:30h
Estratexias e actitudes para creadores e creativos.
Cara a un novo mercado

David Barro (Ferrol, 1974) é xestor cultural, comisario de exposicións e deseñador de contidos.

Desde 2017 é director da Fundación DIDAC e dende 2006 CEO de DARDO, dende onde dirixe a revista DARDOMagazine pola que recibiu o Premio Nacional de Deseño Anuario en 2016 e foi seleccionada para os International Graphic Design Awards en 2017. Foi director xerente da Fundación Luís Seoane (2014-2016), asesor da Fundación Barrié e responsable da súa colección (2008-2013) e exerceu como crítico de arte do *Cultural* (1998-2014) e de revista *Lapis* (2000-2004). Tamén exerceu de director das revistas [*W]art* (2003-2005), *Arte e parte* (1998-1999) e *Interesarche* (Editorial Galaxia), de director artístico de A Chocolataría en Santiago de Compostela (2005) e da feira de arte de Vigo Espazo Atlántico (2010).

En 2015 foi director e presentador do programa de televisión *Botella ao Mar* (V Televisión). En 2010 foi director artístico do proxecto de arte, arquitectura e deseño *Look Up! Natural Porto Art Show*, que ocupou 9 edificios emblemáticos da cidade do Porto, e en 2011 do Festival Internacional de Acción Artística Sustentable SOS 4.8 de Murcia.

Como docente foi profesor da Universidade do Porto (2001-2006) e desde 2015 é profesor do Máster en Estudos Avanzados da Universidade de Salamanca e do Máster en Xestión Cultural da Universidade Carlos III de Madrid. Desde 2018 colabora coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) como asesor do Programa de Deseño para a Innovación 2020. Como comisario de exposicións realizou máis dun ceiento de mostras individuais (Jessica Stockholder, Axel Hütte, Alex Katz, Günther Förg, Julião Sarmiento, Julian Opie, Sandra Cinto, Luís Seoane, Berta Cáccamo...) e colectivas en lugares como Fundación Botín, Museo É Baluard, Centro Atlántico de Arte Moderna, MARCO Vigo, CGAC de Santiago de Compostela, Tabacalera Promoción da arte, Círculo de Belas Artes ou Museo Patio Herreriano.

Entre os seus numerosos libros publicados destacan ensaios como *Antonte e pasadomáñá ou o que pode ser pintura hoxe; Imagens (Pictures) para uma representação contemporânea, Drift. Miradas cruzadas entre deseño e arte contemporáneo* ou *Voces de Atlántica*, así como monografías sobre artistas como Richard Long, Jannis Kounellis ou Gary Hill.

Cintia Salido

Audacia Emprende - Sábado 19 - 19h

A arte de coñecerse, coaching para o emprendemento



É unha apaixonada do desenvolvemento e auto coñecemento das persoas. Tras os seus estudos universitarios en Ciencias empresariais e MBA en administración de empresas, pasou máis de 8 anos no mundo empresarial traballando en diferentes postos que non a enchían. Entre tanto manifestábase con máis forza a súa inquietude polo desenvolvemento humano e é nese momento cando descubriu o coaching que chegou para transformara súa forma de ver a vida.

O seu obxectivo é transmitir os seus coñecementos en coaching e PNL a través de sesións e formación, para que poidan ser útiles a outras persoas igual que o son para ela.

Fundadora de Camiñando Coaching, onde acompaña e guía a persoas que queren profundar no auto coñecemento, potenciar os seus talentos e desenvolver as súas habilidades. Persoas que, do mesmo xeito que ela, queiran xerar un cambio, tanto persoal como profesional, para vivir e ser máis felices. Imparte cursos, talleres e charlas sobre coaching para emprendedores e empresas, entre os que destacan temas como: venda, emprendemento, comunicación e programación neurolingüística.

Realizou programas con diferentes colectivos (xente nova, colectivos en risco de exclusión e pemes) baseados en: Concreción e desenvolvemento de obxectivos; Auto coñecemento e autoestima; Motivación; Intelixencia emocional; Comunicación-Desenvolvemento e impulso de habilidades, destrezas e competencias profesionais.

